A persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do centro: ies.eusebio.guarda@edu.xunta.es Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía email á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.

Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoalcentros reflectindo no apartado observacións a casuística.

MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

31) Determinación das entradas e saídas,

organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

O obxectivo das seguintes medidas e a non aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal.

O cumprimento destes obxectivos está determinado pola estrito cumprimento dos horarios establecidos tanto polas familias como polo profesorado que tamén é fundamental para o bo desenvolvemento de todas as rutinas.

HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA						
MAÑÁN						
GRUPOS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º, 2º, 3º e 4º ESO	ENTRADA	8:30	8:30	8:30	8:30	8:30
1º e 2º de BACHARELATO	SAÍDA	14:10	14:10	14:10	14:10	14:10
TARDE						
1º, 2º, 3º e 4º ESO	ENTRADA	16:30				
1º e 2º de BACHARELATO	SAÍDA	18:00				

TARDE						
GRUPOS		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ESA	ENTRADA	19:45	16:30	16:30	16:30	16:30
	SAÍDA	21:15	21:15	21:15	21:15	21:15
BACHARELATO DE ADULTOS	ENTRADA	19:45	16:30	16:30	16:30	16:30
	SAÍDA	22:00	22:00	22:00	22:00	22:00
CICLOS	ENTRADA	16:00	16:15	16:15	16:15	16:15
	SAÍDA	22:30	22:00	22:00	22:00	22:00

As saídas para os grupos de ESO e bacharelato diurno serán escalonadas por andares e avisados mediante diferentes toques de timbre da seguinte maneira.

Edificio Praza Pontevedra:

- 1º Andar: dous toque de timbre ás 14:08 horas
- 2º Andar: tres toques de timbre ás 14:10 horas.

Edificio Avenida Barrié de la Maza:

- 1º Andar: un toque de timbre ás 14:06 horas
- 2º Andar: dous toques de timbre ás 14:08 horas.
- 3º Andar: tres toques de timbre ás 14:10 horas

32) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc

ENTRADAS:

Dúas entradas principais.

- Porta principal: Praza Pontevedra, 20. Tres portas contíguas.
- Porta Modesta: Esquina Modesta Goucouría con Avenida Barrié de la Maza.

Nos esquemas seguintes as cores das frechas sinalan o seguinte:

- As frechas verdes sinalan a entrada do alumnado da ESO que entra pola porta de Modesta Goucouría que van ao edificio da avenida Barrié de la Maza.
- As frechas amarelas o alumnado que se dirixe a primeira planta do edificio histórico
- As frechas azuis ao alumnado que ten que subir á segunda planta do edificio histórico.

Horario de entrada: 8:30 h. Entrada escalonada entre ás 8:15 e as 8:30 horas.

A porta de Modesta Goucouría permanecerá aberta ata ás 8:40. O alumnado que chegue despois de esta hora entrará pola porta da Praza de Pontevedra.

O percorrido polos edificios ata as aulas se esquematiza nas seguintes figuras, amosando a utilización dos corredores e das escaleras dos edificios.

Indícase que grupos suben por cada ruta.

ANDAR BAIXO:



ANDAR PRIMEIRO:



ANDAR SEGUNDO:



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)



Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



ANDAR TERCEIRO (so no edificio que dá a Barrié de la Maza):



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)




Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



SAÍDAS:

Dúas saídas principais.

- Porta principal: Praza Pontevedra, 20. Tres portas contíguas.
- Porta Modesta: Esquina Modesta Goucouría con Avenida Barrié de la Maza.

Nos esquemas seguintes as cores das frechas sinalan o seguinte:

- As frechas verdes sinalan a saída do alumnado da ESO que sae pola porta de Modesta Goucouría que vén do edificio que dá á avenida Barrié de la Maza.
- As frechas amarelas o alumnado que ven da primeira planta do edificio histórico, sae pola porta que dá á Praza de Pontevedra.
- As frechas azuis ao alumnado que baixa da segunda planta do edificio histórico, sae pola porta que dá á Praza de Pontevedra.

As saídas para os grupos de ESO e bacharelato diurno serán escalonadas por andares e avisados mediante diferentes toques de timbre da seguinte maneira.

Edificio Praza Pontevedra:

- 1º Andar: un toque de timbre ás 14:08 horas
- 2º Andar: dos toques de timbre ás 14:10 horas.

Edificio Avenida Barrié de la Maza:

- 1º Andar: un toque de timbre ás 14:06 horas
- 2º Andar: dos toques de timbre ás 14:08 horas.
- 3º Andar: tres toques de timbre ás 14:10 horas

A porta de Modesta Goucouría abrirase 10 minutos antes da saída.

O percorrido polos edificios dende as aulas se esquematiza nas seguintes figuras, amosando a utilización dos corredores e das escaleras dos edificios.

Indícase que grupos baixan por cada ruta.

ANDAR BAIXO:



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)



Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



PRIMEIRO ANDAR



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)



Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



SEGUNDO ANDAR



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)



Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



TERCEIRO ANDAR



Edificio 2:

- GRUPOS de ESO (excepto 2º A e C)




Edificio 1, andar 1º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- 2º de ESO A e C e 2º PMAR
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



Edificio 1, andar 2º:

- GRUPOS de BACHARELATO
- GRUPOS DE ESA
- GRUPOS DE BACHARELATO de Adultos
- CICLOS SUPERIORES



ELEVADORES

Existe un ascensor no edificio histórico que sube do andar baixo ata o segundo andar. Este ascensor so é accesible mediante chave e solo é utilizado polo profesorado e o persoal non docente, e o alumnado con problemas de mobilidade polo que entrará pola porta da Praza de Pontevedra e irá pola esquerda cara o ascensor.

O ascensor ten un aforo de 1 persoa.

33) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro,
coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas do alumnado e aulas específicas e nos espazos comúns.
- Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.
- A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.
- Ademais da cartelería “oficial” enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia
- Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir.
- En algúnhas converxencias de espazos haberá colocadas liñas de espera para priorizar o paso na circulación de alumnado e demais membros da comunidade educativa.
- Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento e sobre a desinfección do elementos utilizados.
- Se valorará a utilización de outros soportes para colocar información.
- Todos os fondos de pantalla dos ordenadores do centro levan información de medidas de limpeza, seguridade e hixiene.

35) Asignacións do profesorado encargado da vixiancia.

ESPAZO	profesorado de garda	hora
edificio Praza Pontevedra	ENTRADA	
	SAÍDA	
edificio Avenida Barrié de la Maza	ENTRADA	
	SAÍDA	
RECREOS		

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

37) Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.

- A realización de actividades extraescolares quedan inicialmente suspendidas no primeiro trimestre debido á imposibilidade de garantir o cumprimento das medidas esixidas no protocolo.
- No caso de que se queira levar a cabo algunha actividade neste trimestre será sempre avaliada polo equipo covid atendendo ao cumprimento riguroso de todas as medidas de seguridade (distancia, mascarar, aforos)

Permitiránse as actividades complementarias dentro do horario escolar que foran aprobadas polo equipo covid. O departamento ou profesorado que propoña a actividade completará un formulario no que se recolla:

- ▶ Nome da actividade e departamento e profesorado que fai a proposta
- ▶ Descrición da actividade e obxectivos.
- ▶ Alumnado ao que vai dirixida a proposta.
- ▶ Espazos cos aforos onde se desenvolverá a actividade e recursos necesarios.
- ▶ Temporalización
- ▶ Circunstancias para ter en conta para as medidas de seguridade necesarias.

O documento será a base sobre o que o equipo COVID, atendendo ás normas recollidas neste protocolo e as circunstancias no momento da realización da actividade, tomará unha decisión que comunicará aos solicitantes.

38) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

- As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:
 - Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferte a consellería.
 - Presenciais. Neste caso, e dado que o consello escolar está formado por ____ persoas, as reunións levaríanse a cabo na biblioteca garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.
- Para as xuntanzas da ANPA no centro, dependendo da amplitude da convocatoria e sempre tendo en conta as decisións da propia ANPA :
 - Reunións telemáticas na plataforma oficial que ofertada á consellería. (Cisco Webex)
 - Presenciais. Neste caso poderían estar as reunións da directiva da ANPA ao ser un número reducido de membros e as reunións levaríanse a cabo na biblioteca garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.

39) Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias.

A tutorías e a información coas familias levaráanse a cabo baixo dúas modalidades.

Virtual, opción preferente, comunicacións a través do:

Correo electrónico do titor/a

Videoconferencia, A través da plataforma ofertada pola consellería de educación


Teléfono do centro.

Presencial, excepcionalmente, previa cita, garantindo a distancia social, con máscara e desinfección de mans e postos.

Espazo para a realización da tutoría presencial coas familias: Despacho de dirección

(Estes espazos deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de hidroxel, papeleiras de pedal, panos desbotables, desinfectantes) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, teráanse que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.)



40) Normas para a realización de eventos.

Os eventos (celebracións, charlas...) poden ter lugar dun xeito diferente a como ian sendo desenvolvidas. Correspóndelles aos diferentes equipos docentes a organización e será entregado un documento coa programación e a organización do mesmo para ser revisado e aprobado polo equipo covid.

Teráanse en conta para a realización dos mesmos as seguintes premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel.
- Valorar a realización en quendas
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.
- En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene, distancia e ventilación nos actos e entre eles.
- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

45) Previsións para o uso doutros espazos do centro

tales como aulas especiais (tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios, ...) ximnacios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

As áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán:

- educación física
- informática
- laboratorios.
- idiomas

Isto implica que os espazos onde se imparten estas materias, aula de música, ximnasio, pista, aula de tecnoloxía, aulas informáticas, laboratorios deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de hidroxel, papeleiras de pedal con bolsa, panos desbotables, desinfectantes) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Nestas aulas é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, teránse que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

Para garantir que este tempo se cumpre, o profesorado responsables destes espazos, irá a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizará alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión, a lo menos durante as catro primeiras sesións do curso.


Posteriormente e naqueles grupos onde se comproba (polo profesorado da materia e o equipo covid) que o alumnado realice as rutinas de circulación polo centro de forma óptima, poderá saír da aula co profesor que remata a sesión anterior e dirixirse aos diferentes espazos onde se imparta a materia.

En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evítase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Onde a materia o permita substituírase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

Aula de francés (aforo alumnado: 12)



Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, teránse que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

Para garantir que este tempo se cumpre, o profesorado responsable destes espazos, irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión, alomenos durante as catro primeiras sesións do curso.

Posteriormente e naqueles grupos onde se comprobe (polo profesorado da materia e o equipo covid) que o alumnado realice as rutinas de circulación polo centro de forma óptima, poderá saír da aula co profesor que remata a sesión anterior e dirixirse á aula de francés.

Aulas de informática:

Existen catro aulas de informática no instituto.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, se terán que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

Para garantir que neste tempo se cumpre, o profesorado responsables de estes espazos, irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión, a lo menos durante as catro primeiras sesións do curso.


Posteriormente e naqueles grupos onde se comproba (polo profesorado da materia e o equipo covid) que o alumnado realice as rutinas de circulación polo centro de forma óptima, poderá saír da aula co profesor que remata a sesión anterior e dirixirse ás aulas de informática.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato) deberán ser usados só por unha por posto e o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.


En caso do teclado e o rato de cada posto utilizado polo alumnado, deberá ser desinfectado polos usuarios ao comezo e ao final do sesión utilizando toallitas de desinfección que haberá na propia aula e que se tirarán na papeleira con con tapa, pedal e bolsa interior da aula.

Entre cada postos de usuario nos ordenadoras haberá unha mampara de separación.


CROQUES DAS AULAS E DISPOSICIÓN DOS POSTOS.




AULA DE INFORMÁTICA - 14



AULA DE INFORMÁTICA -



AULA DE INFORMÁTICA - 27



Postos informáticos das aulas:

AULA	número de postos
aula de informática 14	
aula de informática 26	
aula de informática 27	
aula de informática	

(Os empregados da empresa responsable do mantemento do material informático e audiovisual do centro seguirán as seguintes normas dentro do centro.

- Sempre uso de máscara.
- Non poden acceder a espazos onde hai alumnado.
- Se o material está nunha aula realizarase o mantemento cando a aula este baleira ou ben, se está ocupada o material será retirado polo profesor e o responsable do mantemento realizará o seu traballo fóra da aula. Para a reposición do instrumental o empregado darállo ao profesor que o repoñerá no seu lugar.
- Nas tarefas de mantemento de ordenadores, os empregado non manipularan os teclados nin ratos do postos informáticos, utilizando teclados e ratos que traian eles durante as operacións de mantemento.)

46) Determinacións específicas para a materia de educación física.

Os ximnasio e a pista deberá ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de hidroxel, papeleiras de pedal con bolsa, panos desbotables, desinfectantes) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, se terán que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas.

Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

Para garantir que o tempo de ventilación se cumpre, o profesorado responsables de estes espazos, irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión, a lo menos durante as catro primeiras sesións do curso.

Posteriormente e naqueles grupos onde se comproba (polo profesorado da materia e o equipo covid) que o alumnado realice as rutinas de circulación polo centro de forma óptima, poderá saír da aula co profesor que remata a sesión anterior e dirixirse aos ximnacios e pistas.

Non se utilizarán os vestiarios mentres este vixente o plan recollido neste documento.

Todos os elementos usados polo alumnado deberán ser desinfectados polo propio alumnado ao comezo, durante e ao final da clase.

Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Na clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, desinfectarase e deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.

Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Cando se traballen exercizos con colchonetas, cada alumno utilizará unha toalla persoal que poñera sobre a superficie da colchoneta. Esta toalla ao final da sesión será introducida nunha bolsa e na mochila de cada alumno.

Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.

Aforos espazos

ESPAZO	AFORO
PISTA	180
XIMNASIO I	50
XIMNASIO II	40

No caso de que o alumnado que estea no ximnasio ou na pista remate a súa clase xusto antes da baixada do recreo dos grupos da ESO, actuarán do seguinte modo:

- Se son de grupos da ESO aos que lles corresponde o recreo, quedarán nestes espazos e non subirán ás aulas.
- Se son de grupos de Bacharelato aos que lles corresponde o recreo sairán pola aula Picasso e non subirán ás aulas.
- Se son de grupos de ESO aos que non lles corresponde o recreo, sairán algúns minutos antes para non bloquear a saída dos grupos que veñen ao recreo, estando nas súas aulas antes do toque de timbre do recreo.
- Se, por calquera circunstancia, estes últimos grupos non sairan con tempo suficiente, esperarán no ximnasio ata que veña todo o alumnado ao recreo e logo o profesor de educación física organizará a súa saída ata a súa correspondente aula.

47) Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.

- Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.
- Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo no sentido de marcha sinalado nos corredores.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

48) normas de uso da biblioteca

acomodadas polos responsables da biblioteca ás xerais establecidas no protocolo.

A biblioteca será utilizada no primeiro trimestre para os servizos de prestamos e devolucións de libros, así como aula de desdobre para algunhas materias. Ao ser utilizada como desdobre se seguirán as normas recollidas nos apartados, 45 e 47.

Para a xestións de prestamos e devolucións habilitarase un protocolo para petición telemática e recollida e entrega en man.

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

49) Asignación de grupos de aseos ao alumnado

de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro.

Os aseos para o alumnado se dividirán para uso dos seguintes grupos.

- Edificio Barrié de la Maza:
 - Durante as clases:
 - Alumnas, aseos dos andares 1º e 3º
 - Alumnos: aseos 2º andar
 - Durante o recreo,
 - Alumnas, aseos do andar 1º,
 - Alumnos aseo do patio.
- Edificio Praza de Pontevedra:
 - Alumnos e alumnas: 1º andar,
 - Alumnas e alumnos: 2º andar.
 - Profesorado: planta baixa e 1º andar.

Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados. A limitación de aforo para os baños será dun tercio do seu aforo normal.

Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

50) Determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo.

realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos estables de convivencia.

Croquis

- Realizaranse as seguintes quendas de recreo por etapas e cursos:

- Quenda de mañan:
 - 1º, 2º de ESO e de 1º e 2º de Bacharelato: de 10:10 a 10:30 e de 12:10 a 12:30. Espazos: pista e segundo ximnasio
 - 3º e 4º de ESO: de 11:00 a 11:40 . Espazos: pista e segundo ximnasio.
 -
- Quenda de tarde:
 - ESA e Bacharelato de adultos: de 17:45 a 18:00. Espazos: exterior.
 - Ciclos superiores: 1º recreo: luns de 17:30 a 17:45, resto da semana de 17:45 a 18:00. Segundo recreo de 20:15 a 20:30. Espazos: exterior.

Esta distribución é válida para os días sen chuvia como os días con chuvia se ben se contempla a estancia en aula dalgún grupo aumentando a ventilación continua durante o tempo que dura o recreo.

CIRCUITOS DE SAÍDA AOS RECREOS E VOLTA ÁS AULAS

A saída e a entrada dos recreos son momentos, sobre todo na quenda da mañan, onde se poden dar aglomeracións do alumnado polo que serán ordenadas segundo a planificación que se mostran nas seguintes figuras, ordenadas por edificios:

EDIFICIO que da á avenida Barrié de la Maza:

SAIDAS PARA O RECREO POR ANDARES:

Exemplificamos con o 1º ANDAR. Os outros andares sairían seguindo a mesma dinámica.



O alumnado sairá da clase ordenadamente e un detrás de outro, en fila de a un, deixando 1,5 metros entre eles.

As liñas de espera son sinais de preferencia de paso.

Cando unha fila converxe con outra, o que teña no seu itinerario unha liña de espera é a que cede o paso.

Antes de saír de clase o alumnado se preparará para saír con todo o que necesita no seguinte destino.

Unha vez se sae da clase non se pode volver para atrás.

Non parar sen xustificación nos corredores, pois son liñas de paso e deben estar sempre dispoñibles para isto.

Se algunha persoa non pode saír de clase por calquera causa cando o alumnado sae da clase, o comunicará anteriormente ao profesor que está en clase e esperará en clase a que saia todo o alumnado. Se a causa é ir, por exemplo, aos servizos, esperará ata o final da saída de todo o alumnado e seguidamente se dirixirá a estes. O profesorado esperará por estas circunstancias e organizará ao alumnado.


A seguinte figura representa a saída do alumnado ao recreo e algúns alumnos que esperan para ir ao servizo:



ENTRADA AO PATIO:

O alumnado chegará e permanecerá nos espazos do recreo sempre utilizando máscara e respectando a distancia de seguridade (1,5 metros). É moi recomendable que os grupos sexan pequenos e estables. Non se poderán realizar xogos nos que se compartan elementos de xogo. Evitaránse actividades que propicien achegamentos con outras persoas. (por exemplo, correr).

ANDAR BAIXO



SAÍDA PARA DO PATIO PARA AS AULAS:

O alumnado sairá dos espazos do recreo ordenadamente e un detrás de outro, en fila de a un, deixando 1,5 metros entre eles.

Para respectar a distancia de 1,5 metros e non crear aglomeración debido ao pouco espazo dos accesos, o alumnado se colocará en vías de saída e irán saíndo ordenadamente e cedendo as preferencias de paso que marcan as liñas de espera.

As liñas de espera son sinais de preferencias de paso.

Cando unha fila converxe con outra, o que teña no seu itinerario unha liña de espera é a que cede o paso.

ANDAR BAIXO



51) Profesorado de vixiancia

Profesorado de garda do recreo.

QUENDA	CURSOS	ESPAZOS	número de profesorado de garda	hora
MAÑÁN	1º e 2º de ESO			
	3º e 4º de ESO			
TARDE	1º e 2º de Bacharelato			
	ESA			
	Bacharelato adultos			
	CICLOS			

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL

54) Uso dos laboratorios

(deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

Os laboratorios, ademais dos seus propios elementos de seguridade, deben ofrecer as mesmas garantías que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de hidroxel, papeleiras con tapa, pedal e bolsa interior, panos desbotables, desinfectantes) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, teranse que cuidar especialmente as medidas de limpeza e seguridade e entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.

Para garantir que este tempo se cumpre, o profesorado responsables destes espazos, irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión, a lo menos durante as catro primeiras sesións do curso.

Posteriormente e naqueles grupos onde se comproba (polo profesorado da materia e o equipo covid) que o alumnado realice as rutinas de circulación polo centro de forma óptima, poderá saír da aula co profesor que remata a sesión anterior e dirixirse aos laboratorios.

Todos os elementos usados polo alumnado deberán ser desinfectados polo propio alumnado ao comezo e ao final da clase. Cada un dos postos será desinfectado, polo alumnado que a ocupou, ao finalizar a actividade.


Priorizaranse as actividades que sexan individuais. Nas actividades de grupo todos aqueles elementos compartidos serán desinfectados antes do seu uso.

Todo o material desbotable utilizado polo alumnado depositarase na papeleira con tapa e bolsa e o material reutilizable será lavado e desinfectado ao final da clase.


Na aula haberá cartelería sobre as medidas de hixiene e de seguridade.

CROQUES DOS LABORATORIOS.

Laboratorio de Biología




Laboratorio de Xeología



Laboratorio de Química


LABORATORIO DE QUÍMICA -



Aforo 8 alumnos

Laboratorio de Física

LABORATORIO DE FÍSICA -



Aforo 14 alumnos

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55) Medidas concretas en relación ao alumnado de NEE.

O equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación establecerá estas medidas en relación coa diferente tipoloxía do alumnado con NEE.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

En caso de alumnado con necesidades educativas especiais completaranse protocolos para asegurar as medidas hixiénicas e de seguridade adaptadas ás circunstancias das súas necesidades.

Particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

E a expensas das directrices do departamento de orientación.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57) Reunións de profesorado.

Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.

Os espazos que se poden usar para as reunións do profesorado son os seguintes.

Aula Picasso: Neste espazo desenvolveranse reunións ata un aforo de 45 persoas, garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente. Disporá de dispensador de hidroxel, panos esbotables e desinfectante.

Salón de actos: Convertido en sala de profesorado.

Departamentos: No caso de que o número de membros dun departamento e o espazo do departamento garanta a distancia de seguridade e a ventilación suficiente, estas reunións poderán realizarse no departamento da materia no centro . Disporá de dispensador de hidroxel, panos esbotables e desinfectante.

Sala de titorías: Neste espazo desenvolveranse reunións ata un aforo de 6 persoas, garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente. Disporá de dispensador de hidroxel, panos esbotables e desinfectante.

Máquinas de vending.

Existe unha máquina expendedora de refresco e outra de café na entrada a titorías soamente para o profesorado e persoal non docente e non é accesible ao alumnado. Cando un usuario a utilice desinfectará os elementos cos que tivo contacto, e se utiliza vaso ou culler serán eliminados nunha papeleira con pedal e a bolsa ira ao contentor de resto.

Neste espazo existe un dispensador de hidroxel, desinfectante e panos desbotables.

O aforo deste local é de 4 persoas.

58) Previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro,

mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

Reunións de órganos colexiados.

Consello escolar

As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. Neste caso, e dado que o consello escolar está formado por 18 persoas, as reunións levaríanse a cabo na biblioteca garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.

Claustro

As reunións do Claustro terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. Neste caso, e dado que o claustro está formado por 100 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo para esta aforo garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente. No centro non existe ningún espazo cuberto que, na situación actual, poda albergar estes aforos.

Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

As reunións do Comisión de Coordinación Pedagóxica terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. Neste caso, e dado que a CCP está formado por 22 persoas, as reunións levaríanse a cabo na aula Picasso garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.

Reunións de departamento.

As reunións dos departamentos terán dúas modalidades dependendo da decisión de cada departamento. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. No caso de que o número de membros dun departamento e o espazo do departamento garanta a distancia de seguridade e a ventilación suficiente, estas reunións poderán realizarse no departamento da materia no centro

Reunións de titorías

As reunións de titorías terán dúas modalidades . Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. Neste caso, e dado que a reunión de titores está formado por ___ persoas, as reunións levaríanse a cabo _____ garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente..

Reunións de orientación

As reunións de titorías terán dúas modalidades . Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferta a consellería.
- Presenciais. Neste caso, e dado que a reunión de orientación está formado por XX persoas, as reunións levaríanse a cabo no departamento de orientación garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.

Reunións do equipo directivo

As reunións de titorías terán dúas modalidades . Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferte a consellería.

- Presenciais. Neste caso, e dado que a reunión do equipo directivo está formado por 5 persoas, as reunións levaríanse a cabo na xefatura de estudos garantindo a distancia de seguridade e a ventilación suficiente.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

59) Educación en saúde no centro.

(De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. No plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.)

Os membros titulares e suplentes do equipo covid realizarán a formación específica sobre os plans e protocolos de adaptación a situación covid en centros escolares organizada polo CFR

Ao longo do curso realizaránse actividades de educación en saúde co alumnado, incidindo sobre a prevención fronte a COVID-19, na que participarán diferentes profesionais e institucións.

60) Difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación.

Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

- Empregaranse todas as canles de comunicación para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.
 - **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseusebioguarda/>
 - **Email:** ies.eusebio.guarda@edu.xunta.es
- Durante o curso facilitarase ás autoridades e profesionais sanitarias a impartir charlas sobre a prevención e protección, organizando calendarios e espazos para o alumnado, profesorado e outros membros da comunidade educativa.
- A través da cartelería do centro (enviada polas autoridades sanitarias o de produción no centro) se transmitirá información sobre temas de prevención e protección actualizados.

61) Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais.

O plan determinará o profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

Para o mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica) organízase un grupo cos seguintes profesores do centro:

- Luís Javier Rrodíguez González (profesor do departamento de matemáticas)
- Manuel Blanco Peña (profesor do departamento de bioloxía e xeoloxía)
- Pedro Rodríguez Porca (xefe de estudos e profesor do departamento de física e química)

As tarefas deste grupo serán o mantemento da aula virtual, a xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos, subida de información básica e realización de cursos de formación para o profesora do centro.

A nivel do profesorado do centro, unha parte ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais.

Para o profesorado que precisa de maior formación neste eido, ábreanse as seguintes posibilidades:

Cursos organizados polo CFR de A Coruña, en relación á formación no uso de ferramentas dixitais (comunicado e xestionada a lista de voluntarios a principios de setembro pola dirección do centro).:

- Curso de 10 horas (Nivel inicial) sobre Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes.
- Curso de 15 horas (Nivel avanzado) sobre Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto.

Neste sentido ao comezo de curso, organízanse no centro xornadas de formación no manexo de ferramentas dixitais, incidindo na aula virtual do centro e no funcionamento e seguridade das ferramenta de teleconferencia, a nivel básico. As xornadas serán nas aulas de informática do centro, con todas as normas de seguridade, distancia e hixiene e cun aforo que dependerá da situación epidemiolóxica no momento da súa realización. Dependendo do número de profesorado apuntado habera unha ou varias sesións.

Inicialmente están organizadas 4 xornadas antes do comezo do curso:

62) Previsión derivadas do documento “Instrucións de inicio de cursos”

O plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.

O equipo directivo elaborará o Plan de Acollida que terá en conta os seguintes premisas

- Para o alumnado:
 - O alumnado por cursos será acollido na súa aula correspondente polo titor e o equipo directivo. onde se explicarán as liñas da organización do centro que afectan ao grupo incidindo sobre as normas de hixiene, seguranza e saúde.
 - Ademais os titores farán simulacros de saídas, circulación e entradas nas aulas para que o alumnado coñeza e practique as maneiras de moverse e acceder aos espazos que se articulan no plan covid-19, e facilitar a adquisición de hábitos recollidos neste plan.
 - Publicaránse na web os horarios aos que irá cada grupo.
- Para o profesorado
 - No claustro de inicio de curso informarase ao profesorado das liñas principais do procedo de adaptación á situación COVID do centro, sen prexuízo da información recibida con anterioridade.
- Para os representantes da comunidade educativa
 - No consello escolar de inicio de curso informarase aos membros deste órgano, das liñas principais do procedo de adaptación a situación COVID do centro, sen prexuízo da información recibida con anterioridade.

63) Difusión do plan.

Este “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.

O documento que recolle o plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 020-2021 será difundido a través das seguintes canles:

Na páxina web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseusebioguarda/>

Inicialmente na portada da páxina e permanentemente durante a súa vixencia, no apartado de documentación do centro.

Enviado aos membros do claustro e do consello escolar por correo electrónico.